

Ricardo Martínez Conde

Aldariz, Sanxenxo, 1951. Cursou estudos de Filosofía e Letras e o doutoramento na Universidade Complutense de Madrid. Compaxina a docencia universitaria coa creación tanto en galego coma en castelán, e mais coa crítica literaria. Ten publicado textos en publicacións como *Revista de Occidente*, *Clarín*, *Claves* ou *Extramundi*, entre outras, ademais de colaborar en diversos xornais. En galego a súa traxectoria comeza co poemario *Lento esvaece o tempo* (1990), e continúa con *Orballo nas camelias* (1993) —onde comeza a súa recreación de haikus e as claves fundamentais da súa poética: a evocación da paisaxe e a brevidade e a intensidade dos textos poéticos—, *O silencio das árbores* (1995), *A núa lentitude* (2001) e *Compostela, vella memoria* (2003). En castelán editou *Los argumentos de la tarde* (1991), *Sombras del agua* (1993), *Evoë* (1997) e *Los días sin nombre* (2000, Premio Benasque de Poesía). En prosa é autor de *Os símbolos de Galicia* (1993) e *Debullar* (1998), ambos en galego e, en castelán, *Cuentas del tiempo* (1994), *La figura del Rey según Quevedo (Una lectura de la "Política de Dios")* (1996) e *Alusión al paisaje* (2002). Entre os seus galardóns cóntanse o Diploma de Honor no Concurso Internacional de Relatos Breves Jorge Luis Borges (California, 1992) e o Premio Reimóndez Portela de Xornalismo (A Estrada, 1997).

“Conformémonos con chegar á
sombra da certidume; polo noso ben”
–dixo con grave rectitude.

298

*

Unha soa palabra, e a infelicidade
está garantida –soñou.

*

Xa é mañanciña: todo empeza a
morrer.

*

299

¿A que esixencia verdadeira se
podería respostar se non é coa dúbida?

*

¡Tantas veces a muller e só para
nós un fragmento de Muller!

*

300

É so ó chegar ás ruínas cando un
descansa –pensou para si.

*

¡A noite ben parece que escoita!

*

301

Tamén se vive para ir coñecendo o
inimigo; unha cortesía en favor das
realidades do corazón.

*

¡Pénsase tanto a si mesmo que xa
comeza a desconfiar!

*

302

Cando inicia a escritura pretende
dixirse: velaquí un home *temporalmente* a
salvo.

*

Estar so é non ser un solitario.

*

303

En proveito do Coñecemento e da
Verdade, solicitemos canto antes a nosa
caricatura.

*

¿Como escribir o que pensamos?
¿Como non escribilo?

*

304

Velaí a incertidume: puntual,
inescusable.

*

Un é, en esencia, viaxeiro. Vivir é a
tarefa do viaxeiro impertinente.

*

305

O Outro: aquel, inexistente, que
escoita dos nosos pensamentos o esencial.

*

Si que existe unha fronteira:
aquela onde se adentra o pensamento
(¿a obsesión?) mais aló da nosa vontade.

*

306

O escritor é quen practica o
intercambio en especie no comercio
espiritual; ofrece reflexión a cambio de
vontade.

*

Sede tan sereos como volo
permita a dúbida; en tanto confiade no
Outro e na desilusión.

*

307

Os faros son como o corazón do
mar; tal como o propio, só se lle advirte á
noite, co medo

*

¿Superastes xa o medo a estar sos
para empezar a ser libres? –preguntou.

*

308

Os castelos só contan coa
condescendencia dos románticos. O
tempo é un xuíz demasiado esixente...

*

Como bombeiros espiritualizados,
sempre estamos ó asexo, pendentos da
chamada da dor.

*

309

¡Imos a expensas de tantos
prexuízos acerca do Outro, de tantos
medos por causa do Outro, de tanta
vulnerabilidade a mercede do Outro..!
Mais, dicíaa ¿por que hei asumilos eu?,
todo máis debería tentar de entender a súa
perplexidade, que é a miña.